

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

##### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*CORRECCIÓN de erros. Resolución do 21 de febreiro do 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as vacantes definitivas que serán obxecto de provisión no concurso de traslados entre persoal funcionario docente do corpo de mestres, do corpo de inspectores de educación e de inspectores ao servizo da Administración educativa, e dos corpos que imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e de idiomas, convocado pola Orde do 16 de outubro de 2013.*

Advertidos erros na referida resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 40, 27 de febreiro de 2014, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 8461 debe eliminarse a vacante co código 025 do IES Isidro Parga Pondal-15027307 de Carballo.

Na páxina 8471, debe eliminarse a vacante do código 031 do CEIP Lamas de Abade-15022589 de Santiago de Compostela.

Na páxina 8472 debe eliminarse a vacante co código 038 do CEIP das Fontiñas-15027332 de Santiago de Compostela.

Na páxina 8511 deben eliminarse as vacantes co código 008 e 061 do IES San Clemente-15021482 de Santiago de Compostela.

